

B A N D O

Ábrese o prazo para solicitar Axudas económicas non periódicas a través da Consellería de Traballo e Benestar, non cubertas polo sistema sanitario.

REQUISITOS:

- . Ter 65 anos ou máis .
- Ter menos de 65 anos e unha minusvalía recoñecida de máis dun 33 %. Que se acredite a necesidade da axuda e que esta non este incluída noutros sistemas de protección social.
- . Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- Persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia nos seguintes graos e niveis: Grao III, niveis 1 e 2 e Grao II, nivel 1 e 2
- .As persoas que teñan solicitado o recoñecemento da situación de dependencia antes da data da publicación desta orde e lles sexa recoñecida nos graos e niveis anteriores.
- . Non superar os límites de ingresos que estipula a orde da convocatoria: (dende o 100% ata un máximo do 175% do IPREM, dependendo do número de membros da unidade familiar e do tipo de axuda)

CONCEPTOS SUBVENCIONADOS

Se subvencionan os seguintes conceptos:
Axudas Técnicas para discapacitados visuais, auditivos, para a mobilidade, alimentación, aseo, comunicación.

Adquisición de órteses e próteses non previstas no sistema sanitario (dentais, auditivas).
Eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación do fogar.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- D.N.I. do/a solicitante e, de ser o caso, do/a gardador/a de feito.
- Nº da Seguridade Social.
- Certificado de convivencia.
- Presuposto do gasto.
- Certificado de minusvalía, ou solicitude de valoración de dependencia, no seu caso.
- Informe médico que se facilitará ca solicitude, no caso de compra de próteses dentais e auditivas así como axudas técnicas.

PRAZO LÍMITE DE PRESENTACIÓN: 7 de maio de 2010

O que se fai público para xeral coñecemento.
San Cibrao das Viñas, 7 de abril de 2010



[Handwritten signature]
A ALCALDESA;